



# FEPLAC

*Federación de Empresarios Productores de Lácteos*  
G-15707839

## FEPLAC QUERE DIALOGAR COA INDUSTRIA PARA PACTAR PREZOS

Feplac está disposta a dialogar coa industria láctea, xa que é imprescindible chegar a un acordo de prezos, porque esa é a razón principal da rendabilidade e supervivencia das explotacións.

Feplac ofrece a súa disposición ao diálogo con todas as industrias, tanto coas que aceptaron o contrato da mesa do leite como coas que non o fixeron, xa que os produtores cremos que somos os únicos (xunto coas cooperativas) que podemos firmar acordos de prezos, porque nós si que temos leite, e podemos e debemos tomar decisións sobre eles, dentro da máis pura legalidade, ao marxe da mesa do leite, xa que ésta acaba de dividir ao sector industrial e produtor, con beneficios só para a industria, como ben facendo dende a súa fundación.

Lamentamos que se estea vendendo unha salvación, cando a realidade é que se deixou aos gandeiros sós e indefensos para negociar, deixando que a industria poña o prezo.

Feplac está de acordo en que exista un contrato, que posúa un contido, do que ao noso entender éste carece.

Unha vez máis a estratexia da industria funciona, primeiro baixannos os prezos e logo poden propoñer un contrato a longo prazo con prezos individualmente diferentes e baixos, xa que as sabotaxes ás fábricas estannolas cobrando moi caro, as cales Feplac sempre condeou e nunca alentou.

Advertimos aos gandeiros que non firmen nada sen analízalo ben, Feplac oférecese a todos os seus asociados para asesoralos a este respecto antes de firmar más perdas.

Dende Feplac cremos que sería un bo prezo de acordo neste momento, tanto para a industria como para os gandeiros, sobre os 43 céntimos por litro, tendo en conta que a produción ronda os 40 céntimos.

Feplac tamén mostra a súa preocupación pola desaparición do sistemas de cuotas, ante o silencio das nosas administracións a este respecto.

### Máis información

Xaquín López Ares  
699 900 995